

---

## O HOME DOS CÍRCULOS AZUIS

Texto de FRED VARGAS

Tradución de ANTÍA VERES GESTO

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

---

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 300 páx. 18 €

ISBN 978-84-16721-65-8. Narrativa. Fkactoría K.

Mathilde sacou a axenda e anotou: «O tipo que está sentado á miña esquerda burlase de min».

Bebeu un grolo de cervexa e volveu lanzarlle unha ollada ao veciño, un tipo enorme que levaba dez minutos tamborilando na mesa.

Engadiu na axenda: «Sentou demasiado preto de min, coma se nos coñecésemos, pero eu non o vin na vida.

Estou segura de que non o vin na miña vida. Non hai moito máis que dicir deste tipo, que leva unhas lentes negras.

Estou na terraza do Café Saint-Jacques e pedín unha cervexa de barril. Estouna bebendo. Concéntrome moito nesta cervexa.

Non creo que haxa nada mellor que facer»...

Aos parisinos divírtelles un insólito fenómeno que dende hai meses acontece nas rúas da *Cidade da Luz*:

“Victor, mala sorte a túa, ti que facías na rúa?” é a enigmática mensaxe que acompaña uns círculos trazados no chan con xiz.

No centro desas figuras aparecen obxectos variopintos:

a cabeza dun boneco, un trombón, unha bombilla, un iogur, unha pata de pomba... un gato morto!

Corren ríos de tinta na prensa alentados polo maxín da veciñanza e polas especulacións dos xornalistas; hai psiquiatras que ata se aventuran a formular rebuscadas teorías sobre a autoría desas sorprendentes accións anónimas. Mais ao inspector Jean-Baptiste Adamsberg preocúpalle a crueldade que agroma nuns feitos aparentemente inxenuos e que tanto lle entusiasman á sociedade. A súa intuición non vai desencamiñada porque axiña, o que comezaran sendo sucesos estrafalarios, viran en traxedia ao desencadearse unha serie de asasinatos.

Os personaxes dunha bióloga mariña -Mathilde- e dun aposto invidente -Charles- son plenos acertos nesta novela áxil, amena, divertida e truculenta; a primeira dunha longa e exitosa serie protagonizada polo atípico e enigmático comisario Adamsberg, cuxos métodos de investigación baséanse máis na intuición que nas técnicas policiais convencionais representadas polo inspector Danglard. Traducida por primeira vez ao galego, o talento de Fred Vargas construindo figuras con personalidade complexa, esquiva e hermética, máis o hábil manexo dos diálogos, atrapa o público páxina tras páxina grazas á equilibrada combinación entre tensión narrativa e humor negro, xerando un amplo abano de emocións, sensacións e constantes sorpresas.



- 
- **Temática:** novela negra, novela policial.
  - **Destinatarios:** lectores adultos.
  - **Aspectos destacables:** misterio, intriga, reflexión; París, referencias históricas; primeiro título dunha serie; personaxes complexos con personalidades contrapostas.
  - **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-home-dos-circulos-azuis-g>
- 

### Fred Vargas

(París, 1957)

É o seudónimo de Frédérique Audoin-Rouzeau. É arqueozóloga e historiadora medievalista de formación, pero a súa sona internacional débese á súa faceta como autora de novelas policiais. Entre os numerosos recoñecementos que ten recibido destacan o Premio Princesa de Asturias das Letras 2018, o Premio Landernau 2015, o Premio Dagger 2007, o Giallo Grinzane 2006, o Gran Premio de Novela Negra do Festival de Cognac 1999, o Trofeo 813 á mellor novela en francés 1997 ou o Prix Mystère de la Critique 1996 e 2000. As súas novelas, algunhas das cales foron adaptadas ao cinema e á televisión, traducíronse a moitas linguas, con grande éxito. Ademais, ten publicado varios ensaios e artigos sobre as súas especialidades académicas.

---

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

---